

Prólogo de MANUEL LOURENZO para CRIO-XÉNESE de Afonso Becerra de
Becerreá

A COR DO SILENCIO

Cal é a cor do silencio? A cor branca? Mais é o branco unha cor ou unha amálgama-confusión delas, o sumidoiro onde todas as cores van caer para facer unha única expresión do todo e nada ou definir o nada como un todo que se espreme até a absoluta confusión? Concluiremos entón que o caos nunca foi idea, mais o nome que pide a suma das coloracións, que se condensa nun nada-todo, quer dicir, en branco? Non resulta delirante? Que a presenza deveña unha ausencia e esta se corporalice até o punto de nos impor a súa presenza ausente a barallar abismos nas cuíñas brancas do azar? É branco o espazo? Naturalmente branco? Tan naturalmente branco como a sombra do nada, ese frufrú que algúns chaman sombra e outros, esperanzados, morte? *Ah, l'espoir! Ah, l'ombre blanche qu'on appelle mort!*

Que algúns chaman morte. A morte branca. Linda imaxe. Que beleza hai que ter para rexeitar a esperanza. Para ser non-ser sen escapatoria, na renuncia de toda submisión. Esperanza igual a conformidade, aceptación da esmola. E así a luz que tiña que nos iluminar vai directa contra os nosos ollos co proxecto de cegarnos. Ai, a luz desorbitada que fulmina! A luz violadora que aproxima o corpo á morte, o pracer á abstracción! Aí, castigados, en *attendant Godot*, sen a ilusión das estacións, da vida fértil. Digo vida. Non debera dicir vida. O ilusorio sería dicir auga, xeo, neve, espuma, vidro, luz, fluídos... e estalactita, precipicios, cumes, curvas, río, néboa, viño branco, viño tinto, sangue... e círculos, curvas, ocos, moldes... e silencio, e bicos, onde é que van os bicos?... E luz para iluminar – Nietzsche dixit –, non para cegar nin para fulminar... e Sibila... e os incontábeis xogos coas palabras: ben-ven, conciliador-conciliábulo... e o silencio corporeizado nun espazo en branco, como un pozo sen auga que enchemos co noso estupor, virado de repente en personaxe... e as linguas... e os lindes do poema: “frecuentar os lindes pode ser arriscado”... e os riscos, toda a montaña que hai en *Crio-Xénese*, do noso amigo Afonso Becerra de Becerreá, longo o seu nome como un precipicio que se perde na pupila de Mefisto, no número de Euclides, na fumarola de Delfos, na saudade de Ofelia, na cópula imposíbel das sereas do Ulises... Si, talvez sexa arriscado

frecuentar os lindes. Ser cimeiro, da montaña, e termar dos fluídos – auga, neve, luz – que levan ao silencio irremisíbel, nas fronteiras do poema. É aquí, de seguro, onde a ausencia do home lle parece inevitábel ao dourado Maeterlinck. Ausencia que se fai presente neste insólito poema, *Crio-Xénese*, a transportar no vento un Afonso Becerra de Becerreá libre e faunesco como cíclope ou centauro.

Manuel Lourenzo